

Capítulo 1

Ushikawa

PATADAS NUN RECANTO APARTADO DA CONSCIENCIA

—Podería non fumar, señor Ushikawa? —preguntou o home baixiño.

Ushikawa ficou observándoo un intre do outro lado da mesa e, a seguir, levou a vista para o Seven Stars que suxeitaba entre os dedos. O cigarro non estaba aceso.

—Se non lle importa —engadiu o home cortesmente.

No rostro de Ushikawa aflorou unha expresión confusa, como preguntándose que facía aquela cousa na súa man.

—Ah! Desculpe! Non debería. Aínda que non está aceso. Sen decatarme, as miñas mans actuaron soas.

O home ergueu e baixou o queixo un centímetro, mais o seu ollar non se mexeu un ápice. O foco de atención permanecía fixado nos ollos de Ushikawa. Este devolveu o cigarro ao mazo e gardouno na gabeta.

O outro home, alto e co pelo recollido nunha coleta, erguíase na entrada, apoiándose case imperceptibelmente no marco da porta, e ollaba para Ushikawa coma se mirase para unha *mancha* na parede. Que tipos máis sinistros!, pensou Ushikawa. Malia ser a terceira vez que falaba cos dous, en ningún dos encontros conseguira sentirse cómodo.

O home rapado de estatura baixa estaba sentado fronte a Ushikawa na única mesa que había naquel gabinete, non demasiado amplo. O seu papel consistía en falar. O coletas gardaba silencio de principio a fin. Só ollaba a cara de Ushikawa sen facer ningún movemento, coma as estatuas con forma de león que custodian a entrada do recinto dos templos xintoístas.

—Xa pasaron tres semanas —dixo o rapado.

Ushikawa apañou o calendario de mesa e, despois de comprobar o que alí había escrito, asentiu.

—Efectivamente, hoxe van xusto tres semanas dende a última vez que nos vimos.

—Durante este tempo non tivemos ningunha nova da súa parte. Lémbrolle que é un asunto urxente. Non dispomos de moito tempo, señor Ushikawa.

—Seino ben —replicou Ushikawa mentres apalpaba o isqueiro de metal, en lugar do cigarro—. Non me podo demorar. Son consciente.

O rapado agardou a que Ushikawa continuase.

—Mais eu non quero ir largándolles información aos poucos. Non me gusta iso de soltar un chisco aquí e outro chisco acolá. Quero ver a imaxe no seu conxunto, ligar os distintos elementos até chegar a captar o fondo do asunto. Presentárllelo a medio cocer podería comportar molestias innecesarias. Igual lle parece caprichoso, mais este é o meu xeito de facer as cousas, señor Onda.

Onda, o home rapado, mirou para el cun ollar frío. Ushikawa sabía que non lle causaba boa impresión. Mais tampouco lle preocupaba. Polo que lembraba, na súa vida nunca lle causara boa impresión a ninguén. Para el era, como quen di, un día si e outro tamén. Nunca fora apreciado polos seus pais, irmáns, profesores ou compañeiros. Tampouco pola súa muller ou as súas fillas. Se alguén lle tivese estima, talvez se inquietaría un pouco. Mais no caso contrario, non había problema.

—Señor Ushikawa, se por min fose, gustaríame respectar o seu xeito de facer. E, de feito, creo que polo de agora respectino. Polo de agora. Porque nesta ocasión o caso é diferente. Laméntoo, mais esta vez non nos podemos permitir agardar a que todos os feitos se esclarezan.

—Comprendo o que me di, señor Onda, mais imaxino que até agora non quedarían de mans cruzadas á espera de que eu

contacte con vostedes —repuxo Ushikawa—. Supoño que, en paralelo á miña investigación, vostedes tamén pescudarían. Engánome?

Onda non respondeu. Mantivo os labios pechados nunha liña horizontal. Nin sequera alterou o seu xesto. No entanto, pola reacción, Ushikawa entendeu que as súas conxecturas non eran erradas. Durante as tres semanas, organizáranse e procuraran o paradiro da muller, probablemente a través de vías diferentes ás de Ushikawa. Mais non chegaran a ningún resultado concreto. Por iso aquela sinistra parella volvera canda el.

—Disque a cobra coñece o camiño da serpe —dixo Ushikawa coas palmas das mans estendidas, coma se estivese a revelar un interesante segredo—. A verdade: eu son esa cobra. Como poden ver, a miña aparencia non é moi boa, mais teño olfacto. Podo rastrexar calquera cheiro e localizar rapidamente a súa orixe. Mais debido á miña condición de cobra, só podo traballar ao meu xeito e ao meu ritmo. Sei ben que o tempo é importante, mais pídolles que agarden un chisco. Se non teñen paciencia, pode que todo sexa en van.

Onda ollaba paciente como Ushikawa daba voltas ao isqueiro nas mans. Logo ergueu a cara.

—Non podería contarnos, aínda que sexa en parte, o que sabe? Entendo as súas circunstancias, mais se regresamos sen ningún resultado concreto, os nosos superiores non van estar contentos. Veríámonos nun bo apuro. Alén diso, non creo que se encontre vostede nunha situación demasiado favorábel.

Eles tamén están entre a porta e a pecheira, pensou Ushikawa. Seleccionáranos para traballar de escoltas do líder polo seu dominio das artes marciais. E porén, o líder fora asasinado diante deles. Aínda que non existía ningunha proba directa de que fose asasinado. Varios dos médicos que había dentro da organización examinaran o cadáver, mais non encontraran ningunha ferida externa. Nas instalacións médicas da organización

só dispuñan de equipamento sinxelo. E por outra banda non tiveran moito tempo. Se un equipo de especialistas investigase a fondo mediante unha autopsia, probabelmente atoparían algo. Mais agora era tarde. Xa se desfixeran do cadáver ás agochadas dentro do recinto da organización.

En calquera caso, dado que non conseguiran protexer o líder, a súa situación tornárase moi delicada. Polo de agora asignáranlles a tarefa de lle seguiren o rastro á muller desaparecida. A súa misión consistía en atopala aínda que tivesen que poñer todo patas arriba. Mais aínda non conseguiran ningún indicio frutífero. Posuían bagaxe de seu no ámbito da seguridade e a protección de persoas, mais carecían dos coñecementos necesarios para ir na persecución de alguén que se esvaecera.

—Comprendo —dixo Ushikawa—. Falareilles entón un pouco do que descubrín até agora. Non llelo vou contar todo, mais se só é unha parte, non teño problema.

Onda entornou os ollos un bocado. Despois asentiu.

—Perfecto. Nós tamén sabemos algunha cousa. Se cadra vostede tamén a sabe ou se cadra aínda non. Podemos intercambiar informacións.

Ushikawa pousou o isqueiro e xuntou os dedos das mans por riba da mesa.

—Ese día chamaron unha rapaza nova, Aomame, para que acudise á suite do Hotel Okura e lle realizase uns estiramientos ao líder. Foi unha noite de principios de novembro, e no corazón da cidade o trebón descargara e chovía a mares. Despois de realizar o seu traballo na sala contigua durante unha hora, recolleu e foise, en canto o líder durmía. Ela pediulles que o deixasen durmir tal e como estaba durante dúas horas máis ou menos. Nese momento el xa falecera. Non se atoparon feridas externas. Polo visto foi un ataque ao corazón. Mais inmediatamente despois a rapaza desapareceu. Fórase do seu apartamento de antemán. O cuarto estaba desocupado e com-

pletamente baleiro. O día seguinte tamén presentou a renuncia ao seu posto no ximnasio onde traballaba. Todo avanzaba de maneira planeada. De modo que non se trata dun simple accidente. Véxome obrigado a pensar que esa Aomame matou o líder á mantenta.

Onda asentiu. Até aí non había obxeccións.

—O obxectivo dos señores consiste en dar coa verdade. Para iso, cómpre atrapar a rapaza sexa como for.

—Precisamos saber se realmente foi Aomame quen lle deu morte e, en caso afirmativo, con qué motivo e baixo qué circunstancias.

Ushikawa ollou para os seus dez dedos unidos sobre a mesa. Coma se observase algo nunca visto. A seguir, ergueu os ollos e mirou para o home.

—Xa pescudarían os familiares de Aomame, non é? Toda a súa familia está composta por devotos fervorosos da Asociación das Testemuñas. Os pais aínda seguen a participar nas campañas de proselitismo. O irmán, de trinta e catro anos, traballa na sede situada en Odawara, está casado e ten dous fillos. A muller tamén é membro da organización relixiosa. Dentro da familia, Aomame foi a única que abandonou a Asociación, que “apostatou”, como lle din eles, e en consecuencia a familia e ela deixaron de ter relacións. Durante case vinte anos non se detecta ningún indicio de contacto entre os familiares e Aomame. Non creo que exista a posibilidade de que estean a encubrila. A rapaza rompeu coa familia cando tiña dez anos e, dende entón, viviu case sempre pola súa conta. É certo que pasou unha tempada na casa dun tío, mais logo que entrou no instituto, independizouse. É incríbel. Unha muller forte.

O rapado non dixo nada. Debía coñecer xa esa información.

—Tampouco creo que a Asociación das Testemuñas estea implicada no caso. Son coñecidos polo seu inquebrantábel pacifismo e a súa adhesión ao principio da non violencia. É im-

pensábel que puidesen atentar contra a organización e o seu líder. Imaxino que concordarán, non?

Onda asentiu coa cabeza.

—Isto non tivo nada que ver coa Asociación das Testemuñas. Sabémolo. Por se acaso, preguntámosllo ao irmán dela. *Para maior seguridade*. Mais non sabía nada.

—Para maior seguridade arrincoulle as unllas? —inquiriu Ushikawa.

Onda ignorou a pregunta.

—Era unha brincadeira. Unha brincadeira sen graza. Non poña esa cara tan seria, home. En fin, el non sabe nada nin do que Aomame fai nin de onde se encontra —asegurou Ushikawa—. Eu son un pacifista convencido e nunca me comporto de maneira violenta, mais entendo certas prácticas. Aomame non ten ningunha relación coa súa familia nin coa Asociación das Testemuñas. Mais está claro que non actúa soa. Ela soa non podería meterse en tal liorta. Preparáronlle arteiramente o escenario para que actuase con frialdade seguindo os pasos estabelecidos. Ese xeito de liscar tamén parece cousa do demo. Precisou cartos e axuda abonda. Detrás dela existe alguén, ou algunha organización, que desexaba a morte do líder polo motivo que fose. E para conseguilo non repararon en medios. Suñoño que no que respecta a este punto tamén estarán vostedes de acordo, non si?

Onda asentiu.

—Máis ou menos.

—Non obstante, non teño nin a menor idea de que organización podería ser —aclarou Ushikawa—. Investigaron o seu círculo de amizades, non si?

Onda asentiu en silencio.

—Mais non hai ningún coñecido dela relevante para a investigación —seguiu Ushikawa—. Non ten amigos e, polas trazas, nin sequera ten mozo. Entre os compañeiros de traballo, ninguén co que mantivese unha relación persoal fóra do choio.

Polo menos eu non encontrei ningún indicio de amizade con ninguén. Non me explico como é posíbel, sendo ela unha rapaza nova, sa e de bo aspecto.

Tras dicir iso, Ushikawa ollou para o home da coleta, de pé diante da porta. Dende había un intre, non mudara de postura nin de expresión. Mais nel a expresión nunca existira. A mudanza era imposible. “Terá nome?”, preguntouse Ushikawa. Se non o tivese, non lle sorprendería.

—Vostedes os dous son os únicos que chegaron a ver o seu rostro —dixo Ushikawa—. E que opinan? Repararon nalgunha característica especial?

Onda fixo un breve xesto negativo coa cabeza.

—Como dixo, é unha moza con *bastante* encanto. Mais tampouco é unha muller fermosa, que chame a atención. Era tranquila e serena. Parecía ter plena confianza nas súas habilidades. Mais fóra de todo iso, non houbo nada que nos chamase a atención. A impresión que deixaba a súa aparencia era vaga. Non dou lembrado ben os seus trazos faciais.

Ushikawa volveu mirar para o coletas. Pode que quixese dicir algo, mais non parecía que fose falar. Volveu a ollada cara ao rapado.

—Sen dúbida, investigaron o rexistro telefónico de Aomame dos últimos meses, non é?

Onda negou coa cabeza.

—Aínda non chegamos a tanto.

—Pois recoméndollelo. Paga a pena —suxeriu Ushikawa cun sorriso—. A xente adoita facer chamadas e recibilas. Ao indagar no rexistro telefónico de alguén, o seu modo de vida revélase por si mesmo. O caso de Aomame non é unha excepción. Non é doado de conseguir, mais tampouco é imposible. Ven? Ao final, a cobra coñece o camiño da serpe.

Onda agardou en silencio a que proseguise.

—Lendo o rexistro de chamadas de Aomame descubrín certos datos. É un caso estraño, tratándose dunha muller, mais

polo visto a Aomame non lle gusta moito falar por teléfono. As chamadas son escasas e de breve duración. De cando en vez xorde algunha longa, mais son casos excepcionais. Aínda que a maioría son comunicacións co persoal do ximnasio, ela é media autónoma e tamén traballa pola súa conta. O que quero dicir é que organizaba encontros directamente cos seus clientes persoais, sen a intervención do persoal do club de deportes. Desas chamadas tamén hai moitas. Polo que vin, ningunha sospeitosa.

Nese punto, Ushikawa fixo unha pausa, observou dende diversos ángulos os seus dedos manchados de nicotina e pensou en fumar. Acendeu un cigarro mentalmente e deulle unha chupadela. Logo expulsou o fume.

—No entanto, hai dúas excepcións. A primeira son dúas chamadas feitas á policía. E non me refiro ao 110, senón ao departamento de tránsito da Delegación superior metropolitana, en Shinjuku. Tamén recibiu varias chamadas dese mesmo enderezo. Ela non conduce e os axentes de policía non reciben adestramento persoal en ximnasios de luxo. Xa que logo, é posible que teña algún coñecido nese departamento. Non sei quen é. A segunda excepción que me preocupa é varias chamadas longas cun número sen identificar. Foi ela quen as recibiu. Ela nunca telefonou. Non fun quen de rastrexar o número. Non cabe dúbida de que utilizan algún mecanismo para non facer público o nome do dono. Mais aínda así, botando man de certos recursos, debería poderse rastrexar. Con todo, no que respecta a este número, por moito que investigue, ningún nome sae á luz. Está ben pechadiño con chave. Normalmente é difícil de conseguir.

—Quere dicir que o individuo pode conseguir cousas pouco habituais.

—Certamente. Non hai dúbida de que tratamos con profesionais.

—Cobras doutra caste —ironizou Onda.

Ushikawa pasou a palma da man pola súa deforme e calva cabeza e esbozou un sorriso malicioso.

—Iso mesmo. Cobras doutra caste. Xente bastante poderosa.

—Polo menos soubemos que detrás dela operan profesionais —dixo Onda.

—Efectivamente. Aomame traballa para algunha organización. E non semella un grupo de afeccionados que se dedique a iso no seu tempo libre.

Onda entornou as pálpebras e ficou ollando un intre para Ushikawa. Despois virou as costas e cruzou a súa mirada coa do coletas, que continuaba diante da porta. O coletas asentiu unha soa vez para indicar que seguía a conversa. Onda volveu dirixir a ollada cara a Ushikawa.

—Que máis? —preguntou.

—Agora —respondeu Ushikawa—, é a miña quenda. Non teñen vostedes algunha idea? Por exemplo, que organización ou grupo podería querer eliminar o seu líder?

Onda engurrou as súas longas cellas. Por riba do nariz formáronselle tres dobras.

—Mire, señor Ushikawa, escoite ben o que lle vou dicir. Nós só somos unha organización relixiosa. Procuramos a paz interior, os valores espirituais. Comungamos coa Natureza e dedicamos o día a día á agricultura e a ascese. Quen diaños ía considerarnos inimigos? E que clase de proveito poderían tirar atacándonos?

Nas comisuras dos labios de Ushikawa aflorou un sorriso ambiguo.

—En todas as partes hai fanáticos. Ninguén sabe o que lle pasa pola cabeza a un fanático. Non é certo?

—Pola nosa parte non temos ningún tipo de indicio —respondeu de maneira inexpresiva Onda, facendo caso omiso da ironía contida no comentario de Ushikawa.

—Podería ser Amencer? Se cadra os sobreviventes do grupo aínda vadían por aí...

Onda volveu negar de maneira rotunda coa cabeza. Quería dicir que era imposíbel. Para evitar molestias no futuro, habería que esmagar a todos os implicados en Amencer. Posibelmente sen deixar rastro.

—Está ben. Vostedes tampouco teñen pistas. Mais o problema real é que certa organización atentou contra a vida do seu líder e arrebatoulla. Dun xeito moi enxeñoso e rápido. E despois esvaeceuse no ar coma o fume. Esa é unha verdade coma un templo.

—E nós temos que elucidar o que aconteceu.

—Sen axuda da policía.

Onda asentiu.

—É o noso problema, non o da Xustiza.

—Exacto. É o seu problema, non da Xustiza. O asunto está claro. É fácil de entender —dixo Ushikawa—. Agora hai outra cousa máis que lle quero preguntar.

—Adiante —dixo Onda.

—Dentro da organización unhas cantas persoas saberán que o líder faleceu, supoño.

—Sabémolo nós os dous —aclarou Onda—. Dúas persoas máis axudáronnos a transportar o cadáver. Son os nosos subordinados. Da directiva da organización, sábeno cinco persoas. Iso fai nove. Aínda non llelo dixemos ás tres sacerdotisas, mais cedo ou tarde hano descubrir. Son quen o servían e estaban sempre ao seu carón, por tanto non llelo poderemos ocultar durante moito tempo. Despois está vostede, señor Ushikawa, que tamén o sabe.

—En total, trece persoas.

Onda non fixo comentario ningún.

Ushikawa ceibou un profundo suspiro.

—Podo darlle a miña sincera opinión?

—Adiante —dixo Onda.

—A estas alturas, dicir isto non adianta nada, mais deberon contactar coa policía dende o mesmo momento en que

souberon da morte do líder. Pasase o que pasase, tiñan que facer a morte pública. Non poderán seguir ocultando un feito semellante para sempre. Un segredo coñecido por máis de dez persoas deixa de ser un segredo. En calquera momento poderían verse vostedes nunha situación comprometedora.

O rapado non mudou de xesto.

—Tomar decisións non é o noso traballo. Nós só acatamos as misións que nos encomendan.

—Quen toma as decisións, logo?

Non houbo resposta.

—Alguén que substitúe o líder?

Como cabería esperar, Onda gardou silencio.

—De acordo —asentiu Ushikawa—. Vostedes desfixéronse en segredo do cadáver do líder seguindo as indicacións de alguén de arriba. Na súa organización, as ordes dos superiores están para ser cumpridas. Mais dende un punto de vista legal, trátase dun claro delito de inhumación ilegal. Un crime bastante penalizado. Imaxino que o sabían, non é?

Onda asentiu.

Ushikawa volveu ceibar outro suspiro.

—Como lles teño dito, no caso de que tivesen que relacionarse coa policía, lembren que eu non sei nada da morte do líder. Non me agradaría ser procesado...

—Vostede non sabe nada da morte do líder. Como investigador alleo á organización, só pescuda a desaparición de Aomame por encomenda nosa. Non está a facer nada que infrinxa a Lei.

—Perfecto. Eu non escoitei nada —dixo Ushikawa.

—Se fose posíbel, nós tamén preferiríamos non ter informado do asasinato do líder a alguén que coma vostede non pertence á organización. Mais quen investigou o círculo de xente ao redor de Aomame e deu o sinal de partida, señor Ushikawa, foi vostede; vostede xa está involucrado neste caso. Precisamos da súa colaboración para encontrala. E vostede, tamén, punto en boca.

—A base do meu traballo consiste en gardar segredos. Non se preocupe. Garántolle que non vou abrir a boca.

—Se o segredo se difundise e soubésemos que vostede foi o causante, acontecería unha desgraza.

Ushikawa ollou para a mesa e observou de novo os dez dedos gordechos alí pousados. Polo xesto parecía sorprendido de descubrir que aqueles eran os seus propios dedos.

—Unha desgraza —repetiu Ushikawa levantando a cabeza. Onda entornou lixeiramente os ollos.

—É preciso ocultarmos a morte do líder aconteza o que acontecer. E se cadra para iso non imos reparar en medios.

—Gardarei o segredo. No que di respecto a iso poden ficar tranquilos —aclarou Ushikawa—. Até o día de hoxe temos colaborado e sempre saíu todo ben. Eu aceptei facer por detrás cousas que a vostedes lles sería complicado conseguir abertamente. Máis dunha vez houbo traballos duros, pero foron ben remunerados. Teño a boca selada. Carezo de fe ou calquera cousa que se lle imite, mais estoulle persoalmente agradecido ao seu líder por todas as atencións que me brindou. Por iso estou a empregar toda a miña enerxía na procura de Aomame. Estou a esforzarme para dilucidar o que hai por detrás. E o traballo comeza a dar *froito*. Por tanto, pídolles que teñan un chisco de paciencia e agarden. Dentro de pouco tempo debería ofrecerlles boas noticias.

Onda mudou un pouco de postura sen se erguer da cadeira. Como respondéndolle, o coletas, onda a porta, tamén mudou o punto de apoio das pernas.

—Esa é toda a información que ten por agora? —preguntou Onda.

Ushikawa cavilou un anaco e respondeu:

—Como lles dixen antes, Aomame chamou dúas veces ao departamento de tránsito da Delegación superior da policía metropolitana. Tamén recibiu numerosas chamadas por parte deles. Aínda descoñezo o nome do contacto que alí

ten. Á fin e ao cabo, trátase da policía e preguntándolle directamente non nolo van dicir. Mais, hai pouco, esta miña fea cabeciña tivo un flash. O departamento de tránsito soábame de algo. Tentei lembrar coma un tolo. Que era o que me soaba dese departamento? Algo ficara preso nun canto da miña pobre memoria. Tardei bastante tempo en lembralo. Isto de envellecer é o demo! Cando te tornas vello, as gabetas da memoria non abren ben. Outrora víñame calquera cousa no mesmo instante. O caso é que hai cousa dunha semana por fin o lembrei.

Ushikawa fixo unha pausa nese punto e, cun sorriso teatral, observou durante un intre a cara do rapado. O rapado agardou pacientemente a que continuase.

—En agosto deste ano, unha axente noviña do departamento de tránsito foi estrangulada nun hotel do barrio de Maruyama, en Shibuya. Achárona espida cunhas alxemas da policía postas. Tornouse nun pequeno escándalo, abofé. E o período durante o cal Aomame falou varias veces por teléfono con alguén da delegación de Shinjuku abrangue os meses anteriores ao incidente. Naturalmente, após o acontecido, non se rexistra ningunha outra chamada. Que me di? Non cre que é demasiada casualidade?

Onda ficou calado un anaco e despois respondeulle:

—O que vostede suxire é que a persoa coa que Aomame contactaba era a axente asasinada.

—O seu nome era Ayumi Nakano. Vinte e seis anos. Cunha aparencia bastante amigable. Viña dunha familia de policías; o seu pai e mais o seu irmán tamén son axentes. Seica obtivera unhas notas excelentes. Pese a que a policía está a indagar con todos os seus medios, aínda non se sabe quen foi o criminal. Espero que non lle incomode o que lle vou preguntar, mais non terán vostedes algunha información sobre o caso?

Onda botoulle unha mirada fría e dura que parecía acabada de extraer dun glaciador.

—Non entendo ben o que me quere dicir. Cre vostede, señor Ushikawa, que temos algunha relación co acontecido? Que un dos nosos levou a axente de Policía a un hotel indecoroso para esposala e matala?

Ushikawa engurrou os labios e fixo un xesto negativo coa cabeza.

—Non, non, de ningunha maneira. Nin o pense! Esa idea nunca me pasou pola cabeza. O que lle pregunto é se non terán algunha pista relacionada co caso. Só iso. Váleme calquera cousa. Calquera indicio, por pequeno que for, sérveme. Por máis que esprema os miolos, non consigo encontrar a relación entre a morte da axente no hotel de Shibuya e o asasinato do líder.

Onda observou a Ushikawa durante un intre, igual que se estivese a tomar as medidas de algo. Despois ceibou devagar un suspiro contido.

—Entendido. Transmitirei a información aos meus superiores —dixo. A seguir apañou un caderno e fixo algunhas anotacións—. Ayumi Nakano. Vinte e seis anos. Departamento de tránsito da Delegación de Shinjuku. Podería gardar algunha relación con Aomame.

—Exacto.

—Algo máis?

—Quería preguntarlles outra cousa. Alguén da organización debeu mencionar o nome de Aomame por primeira vez. Alguén diría: “En Toquio hai unha instrutora de ximnasio especializada en alongamentos musculares”. E, como indicou vostede hai un pouco, eu aceptei investigar o seu círculo de coñecidos. Non tento xustificarme, mais fíxeno coa mesma minuciosidade e entusiasmo de sempre. O estraño foi que non atopei ningún punto sospeitoso. Estaba completamente limpa. Daquela, vostedes chamárona para que acudise ao Hotel Okura. O resto xa o coñecen. Quen llela recomendou nun principio?

—Non sei.

—Non sabe? —preguntou Ushikawa, coa cara dun rapaz ao escoitar unha palabra que non entende ben—. Quere dicir que aínda que alguén debeu mencionar o nome de Aomame dentro da súa organización, ninguén sabe quen foi. Verdade?

Onda respondeu sen mudar de expresión:

—Exacto.

—É ben estraño! —dixo Ushikawa realmente estrañado.

Onda mantivo a boca calada.

—Paréceme inexplicábel. Entón, xurdiu o nome da moza, fose onde fose e cando fose, e alguén levou o asunto para adiante. Non?

—A verdade é que o que máis entusiasmo amosou foi o propio líder —respondeu Onda medindo as palabras—. Entre a directiva había quen opinaba que deixar o corpo do líder en mans dunha descoñecida podería ser perigoso. Nós, como encargados da súa seguridade, opinabamos igual. Mais o líder non estaba preocupado. Ao contrario: aínda insistiu para que se levase a cabo.

Ushikawa volveu coller o isqueiro, abriu a tampa e acendeuno para ver se funcionaba. Pechouno outra vez de inmediato.

—Eu estaba convencido de que o líder era sumamente precavido... —comentou.

—Era, si. Extremamente cauteloso e precavido. —Seguiu un profundo silencio.

—Teño outra pregunta —dixo Ushikawa—. Sobre Tengo Kawana. El mantiña unha relación cunha muller casada máis vella ca el, Kyoko Yasuda. Unha vez por semana, ela visitaba o seu apartamento e pasaban unhas horas de intimidade. É natural, sendo novos. Mais certo día o marido da muller telefonouno de súpeto e deixoulle a mensaxe de que ela nunca volvería canda Tengo. E dende entón Kyoko non volveu entrar en contacto con el.

Onda engurrou a sobrecella.

—Perdinlle o fio á meada. Ten algo que ver Tengo Kawana con este caso?

—Pois agora mesmo non sei. Só é outro caso que me preocupaba dende hai tempo. Acontecese o que acontecese, o normal sería que polo menos ela o telefonase unha vez. Porque a relación que había entre os dous era profunda. Mais a muller esvaeceuse sen dicir unha palabra. Non deixou nin rastro. A min faime desconfiar e só preguntaba por se acaso. Non teñen ningunha idea do que puido ocorrer?

—Eu, polo menos, non teño ningún coñecemento desa muller —respondeu Onda con voz monótona—. Kyoko Yasuda. Mantiña unha relación con Tengo Kawana.

—Unha muller casada dez anos máis vella ca el.

Onda anotou o nome no caderno.

—En todo caso vóullelo transmitir tamén aos meus superiores.

—Perfecto —dixo Ushikawa—. A propósito, que aconteceu co paradoiro de Eriko Fukada?

Onda ergueu a cara e mirou para Ushikawa coma se mirase un marco torto.

—Por que iamos nós saber algo de Eriko Fukada?

—Non lles interesa o seu paradoiro?

Onda negou coa cabeza.

—A nós non nos incumbe onde vaia ou onde estea esa rapaza. É libre de facer o que quixer.

—Tengo Kawana tampouco lles interesa?

—Énos indiferente.

—Mais durante unha época parecían estar moi interesados nesas dúas persoas... —dixo Ushikawa.

Onda ficou un anaco cos ollos entornados. Despois abriu a boca:

—Por agora o *noso* interese céntrase en Aomame.

—O seu interese muda dun día para o outro?

Onda mudou un chisco o ángulo dos seus labios, pero non respondeu.

—Señor Onda, leu vostede *A crisálida de ar*, a novela que Eriko Fukada escribiu?

—Non. Dentro da organización está prohibido ler calquera escrito que non teña relación coa nosa doutrina. Nin sequera se pode posuír.

—Escoitou algunha vez o nome Little People?

—Non —respondeu Onda de inmediato.

—De acordo —dixo Ushikawa.

A conversa concluíu aí. Onda ergueuse devagar da cadeira e colocou ben as lapelas da chaqueta. O coletas afastouse da parede dando un paso cara adiante.

—Señor Ushikawa, como lle dixen antes, o tempo é un factor sumamente importante neste caso —asegurou Onda observando de fronte a Ushikawa, que seguía sentado—. Precisamos saber o paradoiro de Aomame canto antes. Nós estamos a facer todo o que podemos, mais vostede tamén debe traballar noutro flanco. Se non a encontramos, os tres poderíamos ver nos en apuros. Porque, á fin e ao cabo, é vostede un dos coñecedores deste gran segredo.

—Os grandes coñecementos van acompañados de grandes responsabilidades.

—Con certeza —asentiu Onda nun ton desprovído de emoción. Deseguida, virou as costas e marchou sen ollar para atrás. O coletas saíu do gabinete detrás do rapado e pechou a porta sen facer ruído.

Cando se foron, Ushikawa abriu a gabeta da mesa e detivo o gravador. Abriu a tampa do aparello, extraeu a casete e na etiqueta anotou o día e a data cun bolígrafo. Malia o seu aspecto físico, escribía cunha letra moi fina. Despois tirou o mazo de Seven Stars da gabeta, colleu un, levouno á boca e prendeuille lume co acendedor. Deulle unha profunda chupada

e exhalou o fume cara ao teito. Sen deixar de mirar para arriba, estivo un anaco cos ollos pechados. De alí a un pouco, volveu abrilos e dirixiu a vista cara ao reloxo de parede. Os punteiros marcaban as dúas e media. Nunca vin tipos tan sinistros, pensou de novo Ushikawa.

Se non a encontramos, os tres poderíamos vernos en apuros, díxeralle o rapado.

Ushikawa visitara a sede de Vanguarda nas montañas de Yamanashi en dúas ocasións e vira o enorme incinerador instalado no medio dun arboredo na parte de atrás. Era para queimar o lixo e os refugallos, mais como operaba a grandes temperaturas, en caso de que botasen alí o cadáver do líder, non quedaría del nin un óso. Ushikawa sabía que tiñan botado varios cadáveres nese incinerador. O do líder probabelmente fora un máis. Ushikawa non quería pasar polo mesmo, como era natural. Se algún día tivese que morrer, a poder ser preferiría unha morte máis sosegada.

Ushikawa posuía aínda certas informacións que non lles revelara. Non era amigo de amosar todas as cartas. Chegaba con lles deixar ver de esguello as pequenas. As grandes ficaban boca abaixo. E sempre era preciso tomar precaucións. Como por exemplo, esa conversa privada que acababa de gravar nunha fita. Ushikawa era perito nese tipo de xogos. Tiña bastante máis experiencia que a que podían ter aqueles dous gardacostas novos.

Conseguira os nomes dos clientes particulares de Aomame. Se non se escatimaban esforzos e se facía gala dun certo *savoir-faire*, era posíbel conseguir calquera información. Ushikawa pescudara a identidade dos doce clientes que Aomame instruía. Oito mulleres e catro homes, todos ricos e membros da alta sociedade. Non encontrara ninguén sospeitoso de colaborar nun asasinato. Mais un dos clientes, unha señora adiñeirada de setenta anos, creara unha casa de acollida para mulleres que tiveran que marchar dos seus fogares por mor

dos maos tratos. Recibía e hospedaba aquelas mulleres desamparadas nun edificio de dous pisos que testaba coa ampla mansión na que vivía a señora.

O feito en si era digno de encomio. Nada sospeitoso. Mais algo lle soltara unha patada nun apartado recanto da súa consciencia. E cando algo golpeaba un apartado recanto da súa consciencia, Ushikawa adoitaba indagar de que se trataba ese algo. Estaba dotado dun olfacto animal, e sobre todo confiaba na súa intuición. Grazas a iso, tiñase salvado en varias ocasións. A palabra clave neste caso talvez fose *violencia*. Esa señora estaba concienciada contra *o violento* e por iso mesmo protexía aquelas vítimas.

Ushikawa desprazouse en persoa até a casa de acollida. O edificio de madeira erguíase nun terreo elevado de primeira calidade en Azabu. Estaba vello, mais tiña o seu encanto. A través da grade que rodeaba o terreo, albiscábanse fermosos canteiros de flores diante da porta de entrada e un xardín de céspede sobre o cal un frondoso carballo proxectaba a súa sombra. A porta da entrada levaba encaixado un pequeno vidro translúcido. Nos últimos tempos non abundaban edificios coma aquel.

En contraste coa serenidade que transmitía o predio, o sistema de vixilancia era excesivamente estrito. Os muros eran altos e estaban gornecidos con arame de pugas. Un robusto portón de aceiro pechaba o conxunto e, dentro, un pastor alemán ladraba con violencia cando alguén se achegaba. Instaláran unhas cantas cámaras de vixilancia. Como case non había viandantes na rúa que pasaba diante do edificio, conviñalle non deterse alí moito tempo. Nos arredores daquela apracíbel urbanización tamén había algunhas embaixadas. Se alguén de aparencia sospeitosa como Ushikawa deambulaba por aquel lugar, logo habían reparar nel.

Con todo, a vixilancia era excesiva. Aínda que fose un refuxio para escapar da violencia, nunca tanta protección vira.

Teño que indagar todo o que poida sobre a casa de acollida, pensou Ushikawa. Por moi protexida que estea, debo forzala e abríla. De feito, canto máis protexida estiver, máis é necesario que a abra. Para iso teño que idear unha boa estratexia. Espremen os miolos.

A seguir, lembrou a conversa con Onda a respecto da Little People.

—Escoitou algunha vez o nome Little People?

—Non.

Respondeume rápido de máis. Se era a primeira vez que o escoitaba, o normal sería que agardase un intre antes de responder. Debería examinar mentalmente a palabra e despois responder. Iso é o que a xente normal adoita facer.

O home escoitara antes as palabras Little People. Non sabía se Onda coñecía o seu significado ou se coñecía a Little People en si, mais en calquera caso non era a primeira vez que o ouvía.

Ushikawa apagou o cigarro xa consumido e cavilou un intre; a continuación, acendeu un novo cigarro. Había moito tempo que decidira non atormentarse pensando na posibilidade de contraer un cancro de pulmón. Precisaba da axuda da nicotina para se concentrar. Se nin sequera sabía o que o destino lle deparaba nos próximos dous ou tres días, que necesidade de se angustiar pola súa saúde dentro de quince anos?

Cando ía polo terceiro Seven Stars, Ushikawa tivo unha idea. Iso talvez funcione, pensou.